



# XX LIGA GALEGA DO DEPORTE DE ORIENTACIÓN 2011

## REGULAMENTO

Aprobado na Asemblea Xeral de 29 decembro 2010

### ÍNDICE

1. DENOMINACIÓN	2
2. ORGANIZACIÓN	2
3. INSCRICIÓNS	2
4. CATEGORÍAS	3
5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN	3
6. <i>RANKING</i> DA LIGA GALEGA	3
7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL	4
8. CLASIFICACIÓN POR CLUBES	5
9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS	5
10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE <i>RANKING</i>	5
11. XURADO TÉCNICO	6
12. SUSPENSIÓN DE PROBAS	6
13. RECLAMACIÓNS	7
14. DISPOSICIÓN FINAL	8
ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS 2011	10



## 1. DENOMINACIÓN.

**XX Liga Galega do Deporte de Orientación**, tempada 2011.

## 2. ORGANIZACIÓN.

A organización estará a cargo da *Asociación Galega de Clubs de Orientación (A.Ga.C.O.)* e, no que se refire as probas, polos clubs que a compoñen.

## 3. INSCRICIÓNS.

**3. 1.** As inscricións de deportistas serán realizadas **a través dos clubs** ós que pertencen os corredores, con indicación do nome, apelidos, categoría, e número de licenza FEDO e de dorsal na Liga. A falla de calquera destes datos fará a inscrición nula. Os clubs terán que utilizar o **formulario oficial** de inscricións que lle facilitará a A.Ga.C.O.

Cada corredor con licenza deportiva da FEDO en vigor para a tempada 2011, disporá dun **dorsal oficial** para toda a Liga, que será obrigado levar visible no peito nas probas en que participe. Como excepción, o Director Técnico da A.Ga.C.O. poderá autorizar o uso de outros dorsais en probas con patrocinio específico. Non se dará saída sen dorsal. Abonarase unha cota si é preciso repoñelo. *Ver Anexo 1.*

Os non federados poderán correr sen dorsal.

**3. 2.** As inscricións de corredores federados deberán ser efectuadas **antes do martes** ás 22:00 h, da semana da proba. Máis tarde, o club organizador poderá non aceptalas ou consideralas "con recargo". *Ver Anexo 1.*

**3. 3.** Os deportistas non federados terán que inscribirse obrigatoriamente antes do martes ás 22:00 h da semana da proba. O club organizador xestionará coa FEDO a súa **licencia de proba**, que inclúe o seguro correspondente. A cota de inscrición dependerá da súa idade e de se optan por participar en Iniciación ou nunha categoría oficial. *Ver Anexo 1.*

**3. 4.** Facilitarase a inscrición por parte de tódolos clubs, a aqueles deportistas federados de clubs non A.Ga.C.O., e non federados que se inicien na orientación.

**3. 5.** A organización de cada proba, na medida do posible, facilitará antes do día da proba as horas de saída ós clubs, preferiblemente vía fax ou e-mail.

**3. 6.** Os responsables da organización das inscricións de cada competición poderán esixir a presentación da licenza a tódolos deportistas co fin de confirmala axeitada inscrición. En casos especiais poderá dar fe da corrección dos datos o delegado do club, que terá que estar debidamente acreditado e identificado.



#### 4. CATEGORÍAS: *ver Anexo 1*

4. 1. Para facilitar la organización das probas de Liga, as categorías agruparanse segundo o número de participantes e as características técnicas. Os competidores divídense en categorías segundo o seu sexo e idade, tendo en conta que as mulleres poden competir en categorías de homes. Estableceranse como mínimo 7 percorridos, coa seguinte denominación e agrupación de categorías:

**Percorrido 1:** Iniciación curta, Damas-12 (D-12), Homes-12 (H-12)

**Percorrido 2:** D-14, H-14

**Percorrido 3:** Iniciación longa

**Percorrido 4:** D-16, H-16, D-45

**Percorrido 5:** D-20, H-20, D-21, H-21B, D-35, H45

**Percorrido 6:** D-E, H-21, H-35

**Percorrido 7:** H-E

4. 2. O club organizador dunha proba pode preparar tantos percorridos adicionais coma considere oportuno (para evitar masificación, por motivos organizativos, etc.)

4. 3. Un deportista federado que así o considere, poderá participar nun percorrido de nivel inferior a algún do que lle corresponda, considerando fóra de competición (FC). Poderá participar dentro de competición en calquera categoría que lle corresponda, aínda que para o *ranking* galego será de aplicación o contemplado no apartado 6.

4. 4. Os deportistas non federados, independentemente da idade, so poderán inscribirse para participar na categoría de Iniciación nenos ou maiores, ou en calquera percorrido como FC.

#### 5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN.

Non está permitido entrenar en terreos correspondentes a mapas de orientación dende un mes antes de que vaia desenrolarse algunha competición neles. Si algún deportista con licenzia deportiva da FEDO en vigor é denunciado por esa causa á dirección técnica AGACO pola organización da proba, só poderá competir nela como FC.

#### 6. RANKING DA LIGA GALEGA 2011.

##### 6. 1. Requisitos para que un deportista poda figurar no *ranking*:

- Pertencer a un Club de Orientación da A.Ga.C.O.
- Participar na categoría correspondente á súa idade, ou ben nalgunha de nivel superior: a) de idade superior ata H/D-21(inclusive) se é menor de 20 anos (inclusive); b) de idade inferior ata H/D-21(inclusive), se é maior de 35 anos (inclusive). *Ver Anexo 1.*
- Ter licenzia F.E.D.O. en vigor para a tempada 2011.



As puntuacións dun deportista empezarán a ser válidas para o *ranking* da Liga Galega a partir do momento en que cumpra os requisitos anteriores.

## 6. 2. Probas puntuables:

Para a tempada 2011 hai un total de 12 probas que puntúan para o *ranking*. Cada corredor sumará os puntos dos 8 mellores resultados obtidos.

## 6. 3. Sistema de puntuación:

Proba diurna individual tipo clásica, media ou sprint.

Ó vencedor dunha proba, nunha categoría, outorgaráselle a cantidade de 100 puntos. O resto de corredores da categoría puntuarán en función da diferenza de tempos con respecto ó gañador, e en base á seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor} = (\text{Tempo gañador} / \text{Tempo corredor}) \times 100$$

O número de puntos obtido será redondeado a número enteiro.

Proba diurna individual tipo scoring:

Ó vencedor da proba, nunha categoría, outorgaráselle 100 puntos para o *ranking*. O resto de corredores da categoría puntuarán en función da diferenza de puntos con respecto ó gañador, e seguindo a seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor} = (\text{Puntuación corredor} / \text{Puntuación gañador}) \times 100$$

O número de puntos obtido redondearase a número enteiro. Se a puntuación na proba dun corredor foi inferior a 0, entón para o *ranking* aplicaráselle unha puntuación de 0.

- Os deportistas que non rematen axeitadamente unha proba aparecerán nos listados coma “descalificados” (DESC). Non recibirán puntuación.
- Os deportistas que tomando parte na proba se retiren antes de finalizala aparecerán nos listados como “retirados” (RET). Non recibirán puntuación.
- Os deportistas que non se presenten á proba aparecerán nos listados coma “non presentados” (NON PRES). Non recibirán puntuación.
- Os participantes fóra de competición (FC) non obterán puntuación algunha para o *ranking*.
- **Só se pode puntuar nunha categoría**, tanto para o *ranking* individual coma de clubs. Se un corredor participa en varias, ás que poda ter dereito, antes de celebrada a 5ª xornada o seu club deberá notificar ó responsable de *ranking* da A.Ga.C.O. a categoría na que se incluírá ó corredor. En caso de non facelo, será incluído naquela categoría en que máis teña competido. Serán anuladas nos dous tipos de *ranking* as puntuacións obtidas nas outras categorías en que puidese ter participado.

## 6. 4. Probas anuladas:

Unha proba ou categoría será anulada, unha vez celebrada, cando así o decida o Xurado Técnico de dita proba.



Se unha proba ou categoría é anulada, unha vez que se celebrou, aplicarase ós afectados un factor de corrección. Este factor será igual á media de puntos, de ata os 4 mellores resultados obtidos ó longo das competicións que forman parte da Liga nas que teña participado.

Na confección do *ranking* non se porá límite ó número de probas anuladas para as que se outorga un factor de corrección.

#### **6. 5. Organizadores:**

Aqueles membros do club organizador que estiveran implicados en tarefas que lles impidan tomar parte na proba, poderán obter unha puntuación coma organizador nun máximo de dúas, según o seguinte:

*aplicaráselle un factor de corrección, ó final da liga, que consistirá en asignar coma puntuación para a proba organizada un total igual á media de ata as súas 4 mellores puntuacións (se ten 4 ou menos probas realizadas, será a media de todas; se ten máis de 4, será a media das 4 mellores). Para a proba organizada aplicarase un mínimo de 40 puntos.*

O número máximo de deportistas que poden obter unha puntuación coma organizador por proba será de 8.

Soamente poderán obter unha puntuación coma organizador aqueles deportistas participantes nas categorías a partires de D-16 ou H-16, incluídas.

### **7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.**

**7. 1. Declararase gañador** de cada categoría ó deportista que obteña a maior puntuación despois de sumar como máximo os seus 8 mellores resultados nas probas en que teña participado.

**7. 2.** En caso de empate seguiranse os seguintes **criterios de desempate**: situarase primeiro aquel corredor que teña maior cantidade de primeiros postos, en caso de que o empate persista miraranse os segundos postos e así sucesivamente. No caso de que continúe o empate compararanse as clasificacións das probas en que tiveran coincidido e situarase primeiro ó que resultou mellor clasificado máis veces (contabilizaranse tódalas probas disputadas, incluíndo as organizacións).

### **8. CLASIFICACIÓN POR CLUBS.**

**8. 1.** Nunha proba, cada club puntuará o total das sumas das 2 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus corredores (incluídas as de organización) en cada unha das 17 categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6.

**8. 2.** A puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Autonómica 2011. O Club que ó finalizar a Liga obteña maior puntuación, será proclamado *Campión Absoluto da Liga Galega 2011*.

### **9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS.**



**9. 1.** Durante a celebración da competición publicaranse os resultados parciais da proba mediante listados ou no *tendal* de tarxetas, sempre que as condicións o permitan.

**9. 2.** O Club organizador será responsable de enviar na maior brevidade posible unha copia das clasificacións da competición que organizará a tódolos clubs participantes, preferentemente por vía e-mail ou fax.

**9. 3.** A sección de *ranking* publicará en cada unha das probas as puntuacións obtidas polos deportistas ata a presente proba.

## **10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING.**

**10. 1.** Os organizadores enviarán os resultados ó responsable do *ranking* en formato dixital, preferentemente en excel, vía e-mail, os días inmediatamente posteriores á proba.

**10. 2.** Na clasificación figurarán claramente identificados nas súas respectivas categorías os corredores con licencia FEDO (competidores e FC), os que teñen licencia FEDO de proba dun día (iniciación e FC), e os non presentados, os descalificados e os retirados.

**10. 3.** Na clasificación incluíranse os seguintes datos dos corredores:

- (A) Categoría en que participou o corredor. Incluírase a distancia, o desnivel e o número de controis do correspondente percorrido.
- (B) Número de orde na clasificación. Deben figurar só os corredores con licencia FEDO
- (C) Os dous apelidos completos.
- (D) O nome
- (E) O nome do club, ou siglas que o identifiquen.
- (F) O tempo invertido polo corredor en realiza-la carreira, expresado en horas, minutos e segundos.
- (G) O número da súa licencia deportiva FEDO.
- (H) As observacións que se consideren oportunas

**10. 4.** Tamén incluírase unha relación dos membros do club que estiveran implicados nas labores de organización, e que obterán a puntuación de organizador segundo se especifica no artigo 6.5.

Os datos remitiranse ó responsable do *ranking*:

Nome: Javier Arufe Varela  
Fax: 981 63 98 14  
Teléfono móbil: 607 11 47 04  
E-mail: [jarufe.geo@yahoo.com](mailto:jarufe.geo@yahoo.com)  
Páxina web: <http://agaco.es>

## **11. XURADO TÉCNICO:**

**11. 1.** Para facer cumprir os regulamentos e actuar coma árbitros das competicións, para cada una delas creárase un xurado técnico formado por tres persoas:

- Un membro da organización.



- Dous membros de clubes, un do organizador da proba anterior e outro da posterior do calendario.

En caso de coincidir un mesmo clube nestes supostos, tomarase o primeiro clube organizador das probas anteriores do calendario que non sexa coincidente.

**11. 2.** Serán os clubes os encargados de nomear os seus representantes do xurado técnico, preferentemente de entre aqueles membros organizadores de probas.

**11. 3.** O Director Técnico da AGaCO, ou na súa representación algún cargo directivo, participará na deliberación con voz pero sin voto.

## 12. SUSPENSIÓN DE PROBAS

**12. 1.** O organizador dunha proba, previa aprobación polo Xurado Técnico, poderá suspender a celebración dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que podan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos participantes.

**12. 2.** No suposto de suspensión antes de celebrarse a proba, o organizador porase en contacto co Xurado Técnico, quen decidirá sobre si é pertinente ou non a anulación, previa consulta co Director Técnico da A.Ga.C.O.

**12. 3.** No caso de decretarse a anulación da proba, o organizador porase inmediatamente en contacto cos clubs, quen serán os únicos responsables de difundir a noticia entre os seus deportistas. O organizador proporá outra data para a celebración da proba que terá que ser aprobada pola Asemblea Xeral da A.Ga.C.O.

**12. 4.** No suposto de suspensión o mesmo día de celebrarse a proba, antes de reunirse os participantes na zona de competición procederá a formalizar o xurado técnico, actuando coa maior celeridade posible, por parte de organizador e os clubs, para evitar ós deportistas desprazamentos innecesarios. Se chegan a reunirse os participantes na zona de competición explicarase as causas de dita suspensión. Neste caso, os participantes poderán solicitar a devolución das cuotas efectivamente abonadas, sempre e cando a causa sexa exclusivamente da organización, aspecto sobre o que decidirá o Xurado Técnico da proba.

## 13. RECLAMACIÓNS

### 13. 1. Queixas

Poderanse transmitir queixas sobre o incumprimento do regulamento por parte do organizador. As queixas poderán transmitirse polos corredores, delegados ou calquera outro implicado na proba. Calquera queixa transmitirse o antes posible de forma oral ou escrita ó organizador, que as terá en conta o antes posible, e informará inmediatamente da decisión á persoa que fíxese dita queixa.

### 13. 2. Protestas



Farase unha protesta contra a decisión do organizador referente a unha queixa. As protestas transmitiránse polos delegados do club ou os corredores. O antes posible despois de recibir decisión do organizador sobre unha queixa, faranse chegar por escrito a calquera membro do Xurado Técnico, que resolverá no menor prazo posible.

### **13. 3. Sobre o *ranking***

O prazo para presentar unha reclamación sobre a clasificación dunha proba remata no momento de iniciarse a seguinte proba da Liga. As reclamacións sobre o *ranking* tramitaranse sempre a través do propio club, dirixíndose en primeiro lugar ó club organizador da carreira para que este indique a corrección.

En caso de non estares satisfeito con dita corrección, poderase recorrer por escrito ó Director Técnico da A.Ga.C.O., antes de transcorrer dúas semanas desde que se publiquen os resultados finais do *ranking*. O Director Técnico responderá nun prazo inferior a unha semana, e a súa decisión será considerada coma definitiva.

## **14. DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto neste Regulamento, serán de aplicación os Regulamentos e demais normas en vigor do “Consejo Superior de Deportes” (CSD), da Federación Española de Orientación (F.E.D.O.) e da Federación Internacional de Orientación (IOF).





## **ANEXO 1. CATEGORIAS e COTAS 2011**

### **Categorías oficiais:**

- D/H-12. Nados en 1999-00
- D/H -14. Nados en 1997-98
- D/H -16. Nados en 1995-96
- D/H -20. Nados en 1991-92
- D/H -21 Élite. Sen límite de idade
- D/H-21. Sen límite de idade.
- H -21B. Sen límite de idade
- D/H -35. Nados en 1976 e anteriores.
- D/H -45. Nados en 1966 e anteriores.

### **Cotas de inscrición en probas da Liga Galega:**

- Federados: 3 euros.
- Non Federados con licencia de proba e participando en Iniciación Corta: 5 euros.
- Non Federados con licencia de proba e participando en Iniciación Longa: 6 euros.
- Non federados con licencia de proba e participando nos recorridos 4º, 5º, 6º ou 7º: 8 euros.
- Recargo por inscrición fóra de prazo: 1 euro.
- Reposición de dorsal: 1 euro.